

A Asociación de Escritores analizará a situación da literatura ante a crise

[XORNAL.COM](#)

A sexa edición do ciclo Escritoras/es na Universidade inclúe a participación de autores como Marga do Val, Marilar Aleixandre ou Quico Cadaval

A Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) organizará, en colaboración coa Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo e o patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, o Ciclo de Mesas Redondas Escritoras/es na Universidade. Este ciclo chega este ano a súa sexta edición e celebrarase entre o 6 de outubro e o 3 de novembro. En total celebraranse tres encontros que xirarán ao redor da crise económica e as letras do país. Baixo o título Literatura galega hoxe (alba de gloria ou solpor dos deuses): poesía, narrativa e teatro. Os escritores/as perante a crise, varios ponentes analizarán como a situación económica está a lastrar a actividade cultural do país e como a crise está a ser empregada como gran escusa para os recortes institucionais.

O ciclo comezará o xoves 6 de outubro cunha mesa redonda que analizará a situación narrativa. Nela, os escritores Marilar Aleixandre e Bieito Iglesias disertarán sobre este xénero literario nun acto presentado pola investigadora Camiño Noia. Dúas semanas despois, o xoves 20 de outubro, a poesía será o campo de análise. As autoras Marga do Vale e Enma Pedreira falarán sobre a saúde dos versos en Galicia. O moderador neste caso será Anxo Angueira.

Finalmente, o xoves 3 de novembro, Quico Cadaval e Alfonso Becerra furarán na difíci situación que está a vivir o sector escénico en Galicia. A mesa redonda sobre o teatro deste ciclo estará presentado por Manuel Forcadela. Todas as mesas redondas celebraranse ás 12.00 horas no Salón de Actos da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo.